

OBRADOIRO FORMACIÓN DE MEDIADORES XUVENÍS

“PRACER SEGURO, SEGURO PRACER”

Destinatarios: Mocidade do concello de PONTECESURES (ENTRE OS 16-30 ANOS)

Fundamentación

A prevención de accidentes de tráfico, atropellos, peleas e embarazos non planificados, sobre todo en adolescentes, e da transmisión de ITXs require de novos esforzos e estratexias que fagan fronte a unhas estatísticas desfavorables, que converten este nun dos principais problemas de saúde da mocidade galega.

No 2010, o número de IVEs (Interrupción Voluntaria do Embarazo) en mulleres de entre 16 e 30 anos en Galicia foi de 2152, segundo datos da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Isto supón un 9,57% máis ca no ano anterior para este mesmo grupo de idade, e un 32,75% máis en relación ao 2005, tamén para este grupo de idade. Do total de casos en 2010 para este grupo de idade, 1 de cada 4 tiña menos de 20 anos.

En canto á transmisión de ITXs, no último ano de referencia (2010) déronse 164 novos diagnósticos de VIH en poboación xeral en Galicia, segundo datos do último Informe de vixilancia epidemiolóxica do VIH-SIDA en España. Esta cifra supón un descenso en relación a anos anteriores, aínda así é unha cantidade importante de casos.

Os centros Quérote+ tamén poden achegar algúns datos, xa que no primeiro ano de realización da proba rápida de VIH (xullo 2011-xuño-2012), fixéronse ao redor de 300 probas, cun 3% de resultados reactivos.

Moitos de esos comportamentos vance agravados en ocasións polo consumo de alcohol e outras drogas entre os adolescentes galegos, que revelan que o 44,2% entre os 14 e 18 anos inxire alcohol unha vez o mes e casi unha quinta parte do total emborrachouse nos últimos trinta días.

As medidas de seguimento e control contribúen positivamente á prevención, pero requiren ineludiblemente de accións encamiñadas á información, formación e sensibilización en canto á prevención de comportamentos perxudiciais para a saúde. Así o recolle o propio Plan Estratéxico de Xuventude 2013, no eixo 5 relativo a Saúde e Deporte, onde se fai referencia que *“só dende unha sistemática de acción coordinada se poderá abordar de xeito integral, e con perspectiva de xénero, a problemática xuvenil en materia de [...] saúde sexual e reprodutiva”*.

Destinatarios

Mozos e mozas dos concellos de PONTECESURES, con idades comprendidas entre os 16 e 30 anos, con interese na actividade. Solicitarase aos convocantes facer unha inscrición que permita contar cun grupo mínimo de 8 participantes e máximo de 25.

Obxectivos

- Reflexionar acerca dos aspectos nos que se fundamenta a percepción de risco.
- Analizar os distintos contextos nos que se desenvolve o ocio xuvenil.
- Fomentar o uso do preservativo masculino, feminino e banda de látex.
- Implicar aos participantes nas estratexias de prevención de ITXs e embarazos non planificados.
- Dotar de habilidades mediadoras na resolución de conflitos propios e axenos.

Actividades

- **Isto é un lío.** Actividade na que se aborda a percepción de risco coa dinámica da cadea de transmisión.
- **Prevención con talento.** Elaboración dunha campaña de prevención dirixida á mocidade, na que se poden empregar diferentes formatos: representación para un spot, cataz, folletos,...
- **Todo no seu momento.** Dinámica na que se abordan os pasos a seguir na colocación do preservativo, relacionándoos cos cambios que teñen lugar durante a Resposta Sexual.

- **Con coidado mellor.** Trátase de que cada participante elabore e personifique o seu propio estoxo no que portar os preservativo de xeito seguro.

Metodoloxía

A metodoloxía na que se basea esta programación é esencialmente participativa e dinámica, adaptada ao contexto de tempo de lecer no que ten lugar. O papel do profesional consistirá en guiar o desenvolvemento da sesión en base aos obxectivos que se establecen de partida, mediando na interacción, clarificando aqueles aspectos que o precisen, e aportando información que poida servir de axuda aos participantes neste eido.

Temporalización

Estímase unha duración de dúas horas para o desenvolvemento desta intervención.

Lugar de celebración e Día

Concello de PONTECESURES

Aula de Formación da Casa do Concello

Día: Mércores 28 de Xuño

Hora: 10-14h

Inscripción:

OMIX do Concello de Pontecesures

Telf: 986 564 410

xuventude@pontecesures.org